



CAMIÑO DO VAO

Os de Boiro

AFONSO VÁZQUEZ MONXARDÍN

Non lles vou falar da agresión ao rapaz, xa a viron vostedes e, seguro, terán a súa opinión. Voulle dar unhas voltñas ao tema do morbo como fin social, dos límites da información, da indignidade da difusión de determinadas cousas, do exemplo a seguir para a mala xente, dunha visión distorsionada como nos espellos das feiras que se forman da realidade os televidentes. A nosa sociedade é bastante mellor do que se ve na tele.

Unha das cousas que máis me gusta dos Estados Unidos de América -onde tantos boirenses están emigrados, por certo, e outro día cóntolles unha anécdota preciosa que me pasou cunha avoa e un neto nunha praia de por alí- é a responsabilidade común que se deriva da asunción da pertenza a un colectivo humano concreto, o dos cidadáns USA. Que teñan cousas criticables tamén como conxunto, non lle dificulta á miña liberdade de opinión, admirar as positivas. ¿Viu alguén imaxes de cachos de corpos do 11-S? ¿Foi precisa unha prohibición expresa? Non. Non achegaría nada bo á lembranza, á cidadanía, á resolución do problema. Cando tempos despois ollei nesa revista española de tetas e sangue as fotos dos corpos calcinados dentro dos trens de Atocha sentín un fondo noxo no baixo ventre, non polo aspecto carbónico das pobriñas vítimas, senón pola ética da publicación. ¿Onde queda a dignidade desas persoas ao seren tratadas como mercadoría de morbo e paixóns enfermizas?

Así, cando as patadas que o outro día aquel cacho de escoura barcelonesa lle deu á rapaza do tren, preocupeime non tanto pola entidade dunha agresión obxectivamente menor (sen armas, navallas, sangue?) , senón porque non tiña claro que non acabase o subhome de unto por sesada entrevistado nos programas da tele -como se interesase algo o seu orneo- e como exemplo para a xuventude máis transgresora. ¿Pero... en realidade hai que difundir todo e darlle voz a todo o mundo? ¿É maior o beneficio ou o prexuízo desta difusión para a intimidade e integridade das vítimas? O que teña as imaxes de agresións debe correr e entregarlas á Policía reservadamente. Logo o selo da xustiza debe marcarse na fronte deses culpables con forza, decisión e sixilo (a palabra de orixe é a mesma, *sigillum*) e nunca convertendo as vítimas neses "monos de feira dos medios" que tan sabiamente teme a bisavoa do neno de Boiro, nin aos delincuentes en estrelas medáticas. Non o merecen nin uns nin outros.